



## Bases do VII Concurso Fotográfico

1ª PARTICIPANTES: Poderá participar no concurso calquera persoa maior de 18 anos e residente en España, coa excepción dos membros do xurado.

2ª TEMÁTICA: O tema principal é o ENTRUDIO en VILARIÑO DE CONSO. O seu fin é promover a participación da veciñanza a través da fotografía, co fin de difundir e poñer en valor o mesmo.

3ª OBRAS: Cada participante poderá presentar un máximo de tres obras, sendo estas orixinais e inéditas e non presentándose con anterioridade noutros concursos, webs ou calquera outro medio dixital ou impreso. Os participantes responsabilízanse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso. As fotografías non poderán ser alteradas electrónicamente nin por calquera outro medio. Tampouco se aceptarán fотomontaxes. Permitiranse mínimas correccións de cor e luminosidade, en caso de dúbidas, o xurado podería solicitar ao autor o arquivo Raw para se comprobación.

As fotos deberán ser exclusivamente do Entrudio de Vilariño de Conso aínda que sexan tomadas fora do noso concello.

4ª PRESENTACIÓN: As obras no caso de presentalas impresas deberán ter un formato mínimo de 25x35cm e un máximo de 40x50cm e no dorso deberá figurar o pseudónimo. No caso de elixir presentalas en soporte informático estas deberán estar en formato JPEG ou TIFF, a unha resolución de 300 ppp, e en RGB, e o pseudónimo deberá aparecer escrito no CD ou DVD.

Ademais da imaxe presentarase un sobre cerrado os seus datos persoais (Nome e apelidos do autor, DNI, teléfono), o sobre por fóra levará un pseudónimo que tamén deberá posto por detrás na fotografía presentada no caso de ir impresa, ou no CD ou DVD de ser presentada en formato dixital.

Dentro do sobre acompañaranse os seguintes datos do autor: Nome, apelidos, data de nacemento, dirección, código postal, municipio, provincia, país, teléfono e correo electrónico).

Asociación Cultural “Xuntos polo Fulión” non se responsabiliza do deterioro producido no envío, polo que a embalaxe deberá ser o suficientemente resistente.

5ª ENVÍO: As obras remitirase en man a calquera dos membros da directiva da Asociación, ou ben por correo electrónico á seguinte dirección: entroidovilarinodeconso@gmail.com

8ª PRAZO DE ADMISIÓN: O prazo para presentar as obras estará aberto do 20 de Febreiro de 2023 ao 5 de Marzo de 2023. Non se admitirán obras presentadas con posterioridade a esta data, fóra daquelas cuxo certificado de correos ou axencia sexa igual ou anterior á devandita data, aínda que sexan recibidas unha vez concluído o tempo estipulado.

7ª PREMIOS: Establécese un único premio e 150,00 euros que será entregado no local da asociación na data que se lle comunicará ao mesmo/a.

8ª FALLO: O fallo do xurado producirase antes de finais de Marzo de 2023 e será comunicado expresamente pola organización aos premiados. Do mesmo xeito, a Asociación difundirá esta información a través das súas redes sociais, e a través das canles que crea convenientes.

9ª O XURADO: O xurado estará formado por tres persoas que teñan relación con Vilariño de Conso, e valorará as propostas presentadas segundo os seguintes criterios; a orixinalidade, creatividade e innovación das fotografías e os seus valores estéticos e representativos, así como aquelas que mellor representen o noso Entroido.

**10ª DEREITOS DE AUTOR:** As obras premiadas en soporte físico, quedarán en propiedade da Asociación “*Xuntos polo Fulión*”. Das trinta obras finalistas, a propiedade intelectual e autorías serán sempre d@ autor@. A Asociación “*Xuntos polo Fulión*” deberá facer constar en futuras reproducións impresas ou por calquera medio dixital o nome do autor/a.

11ª ACEPTACION DAS BASES: A participación neste concurso supón a plena aceptación de todas e cada unha destas bases e do fallo inapelable do xurado.

# ***¡ANÍMATE E PARTICIPA CON NÓS!***

En Vilariño de Conso, 2 de febreiro de 2023

A directiva da Asociación *“Xuntos polo Fulión”*